

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
do 2 de Febreiro de 2015.**

**ACTA Nº 1 /2015**

Na Casa do Concello de SILLEDA, ás vinte horas do día dous (2) de Febreiro do ano dous mil quince (2015), reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria, logo do atraso do xoves anterior (29 Xaneiro) que correspondía.

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)

D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> María Jesús Penela Mato (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)

D. José Luis Espiño Espantoso (PP)

D<sup>a</sup> Marta López Arines (PP)

D. Luis Juan Arceo López (PP)

D. Manuel Asorey Suárez (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que da fe do acto.

**1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES. ( Do 27-11-2014 e 15-12-2014).**

BNG- Intervén solicitando que nas convocatorias sexan dirixidas a señores e señoras, e que nunha cuestión de forma no punto referido a un Convenio Urbanístico comenta que na votación este grupo se abstuvo e aparece aprobado por unanimidade. Por outro lado indica que nos turnos de réplica e contraréplica aparece todo moi escueto, polo que solicita que xunto que coas actas se entreguen os CDs de gravación dos Plenos (fai referencia a varios puntos de intervención do BNG noutros plenos para indicar a súa disconformidade debido a que están moi resumidos ou non aparecen datos que cren importantes).

Alcalde- Indica que esa votación se vai a revisar, que será un erro. Tamén responde que as gravacións están colgadas na páxina web e todo cidadán pode acceder a elas, que as transcripcións se fan a criterio do secretario.

**2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO ORZAMENTARIO 01/15.**

Dáse conta da Providencia da Alcaldía que recolle a modificación:

(“”)

**PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.**

Visto o acordo acadado coa Fundación Semana Verde de Galicia para a cancelación da débeda que esta entidade mantiña co Concello de Silleda, mediante o contrato asinado o pasado día 18 de decembro de 2014, e tendo en conta que o edificio que albergaba as oficinas xerais da Fundación Semana Verde de Galicia foi un dos inmobles que formaron parte do expediente compensatorio, e habendo acordado este Goberno que o destiño do citado inmovible seña o da Escola de Música de Silleda.

Visto que o proxecto do Orzamento Xeral correspondente ao exercicio 2015, que foi levado a aprobación a sesión plenaria do día 29 de decembro de 2014 non acadando a maioría suficiente para a súa aprobación inicial, e que o Orzamento vixente é o prorrogado do exercicio 2014 non incluíndo a prorroga o capítulo VI de inversións, esta Alcaldía propón a tramitación dun crédito extraordinario polo importe de 60.000,00 € correspondente á estimación do custo das obras de adecuación do inmovible para albergar a Escola de Música.

Dase traslado da presente á Intervención Municipal para que emita o preceptivo informe en relación coa posibilidade de levar a cabo a oportuna modificación Orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario no Orzamento Municipal nas partidas que se indican a continuación:

| <b>Partida Orzamentaria</b> | <b>GASTOS</b>  | <b>Aumento</b> |
|-----------------------------|--|----------------|
| 334.632                     | Inversión de reposición asociada ao funcionamento dos servizos.<br>Obras de adecuación para Escola de Música de Silleda. | 60.000,00 €    |
| <b>Partida Orzamentaria</b> | <b>INGRESOS</b>  | <b>Aumento</b> |
| 420.00                      | Participación nos tributos do Estado para 2015.  | 60.000,00 €    |

Silleda, a 22 de xaneiro de 2015.  
O ALCALDE-PRESIDENTE Asdo. Manuel Cuiña Fernández.

(“”)

**INTERVENCIONS:**

**Alcalde:** A intención é a de modificar a partida 334632 do orzamento de gastos do presuposto prorrogado de 2014, na que adicar 60.000 euros máis á inversión das obras da escola de música de Silleda e os ingresos para este gasto van da partida 420, que son os tributos do Estado. Hai informe favorable dos técnicos.



**PP-** Comeza expoñendo que este debate non sería necesario se non se producira todo o sucedido nos anteriores plenos co tema da Escola de Música, mesmo que non foron con formas moi democráticas xa que, indica, non se lle deixou votar unha enmenda a este grupo. Fai referencia a unha reunión con pais de alumnos da Escola de Música. Solicita que eses 60.000 que se pretenden aumentar, se aumenten e sexa un total de 100.000 euros. Indican que polo demais están dacordo.

**BNG-** Fai referencia ao Orzamento presentado nun primeiro momento no que os investimentos non foron debatidos, polo que non se aprobou finalmente. Indica que este grupo fixera a proposta de manter estes 60.000 euros para a Escola de Música na súa nova ubicación, comentando que con este tema se perdeu tempo. Fala de que este tempo se perdeu debido a actitudes do goberno e que finalmente hai que facelo e por fin, quedará aprobado. Critica as formas e pide que o Alcalde realice unhas disculpas públicas por indicar que o PP 'manda na Banda'.

**Alcalde-** Responde ás críticas recibidas por parte do grupo nacionalista en relación á Escola de Música e ao orzamentado con respecto a esta instalación e á Residencia. Indica que o mellor para o PSOE de cara á adquisición de votos era o realizar os orzamentos tal e como estaban previstos, con 60.000 euros para a Escola de Música e os 300.000 para a Residencia, pero que o mellor para o pobo non era isto, senon a proposta que fixo este grupo de construción dunha nova Residencia.

**PP-** Indica que non comprenden o por qué de proceder así e non tal e como estaba esperado dende un principio.

**Alcalde -** Fai referencia a que isto é o mellor para o pobo. Pasa á votación.

#### **VOTACION E ACORDO:**

Apróbase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

-----

#### **3º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/15.**

Dáse traslado da Proposta que segue:

| RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL 01/2015 |                |              |                                    |                               |             |                    |                  |
|--------------------------------------|----------------|--------------|------------------------------------|-------------------------------|-------------|--------------------|------------------|
| D. Factura                           | Núm. Documento | Doc. Accred. | Nome Terceiro                      | Concepto                      | C. Programa | C. Económica       | Importe          |
| 17/05/2006                           | 806            | B36237709    | SONDEOS TORRENTE S.L.              | Perforación vertical pozo     | 334         | 212                | 3.445,36         |
|                                      |                |              |                                    |                               |             | <b>SUBTOTAL ..</b> | <b>3.445,36</b>  |
| 01/11/2012                           | RGE00003126560 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 50,98            |
| 01/11/2012                           | RGE00003126562 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 136,03           |
| 01/11/2012                           | RGE00003127992 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 14,98            |
| 01/11/2012                           | RGE00003126550 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 251,93           |
| 01/11/2012                           | RGE00003126543 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 12,95            |
| 01/11/2012                           | RGE00003126539 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 130,29           |
| 01/11/2012                           | RGE00003126535 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 73,78            |
| 01/11/2012                           | RGE00003126529 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico outb-2012  | 920         | 22200              | 81,91            |
| 31/12/2012                           | RGB00000003181 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Nov-2012   | 920         | 22200              | 1.500,00         |
| 31/12/2012                           | RGB00000003180 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Nov-2012   | 920         | 22200              | 1.800,00         |
| 01/08/2013                           | RGE00003628236 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Xullo-2013 | 920         | 22200              | 53,24            |
| 01/10/2012                           | RGE00003072692 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Sep-2012   | 920         | 22200              | 6,45             |
| 01/10/2012                           | RGE00003072691 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Sep-2012   | 920         | 22200              | 4,81             |
| 01/09/2012                           | RGE00003072688 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Sep-2012   | 920         | 22200              | 121,73           |
| 01/10/2012                           | RGE00003126661 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Outb-2012  | 920         | 22200              | 838,42           |
| 01/04/2013                           | RGE00003459092 | A15474281    | R CABLE Y TELECOMUNIC.GALICIA S.L. | Consumo Telefónico Abril-2013 | 920         | 22200              | 18,00            |
|                                      |                |              |                                    |                               |             | <b>SUBTOTAL ..</b> | <b>4.996,60</b>  |
| 13/12/2007                           | 7000187        | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 316,10           |
| 18/03/2008                           | 800057         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 71,92            |
| 07/11/2008                           | 800260         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 182,00           |
| 09/12/2008                           | 800307         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 39,44            |
| 31/12/2008                           | 800312         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 141,06           |
| 31/12/2008                           | 800311         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 457,74           |
| 22/12/2009                           | 900214         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 56,84            |
| 01/02/2010                           | 1000020        | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 187,92           |
| 01/02/2010                           | 100021         | B36461242    | CONTA LOCAL S.L.                   | Material informático          | 920         | 22000              | 136,88           |
|                                      |                |              |                                    |                               |             | <b>SUBTOTAL ..</b> | <b>1.683,90</b>  |
|                                      |                |              |                                    | <b>TOTAIS .....</b>           |             |                    | <b>10.031,76</b> |

#### INTERVENCIONS:

**Alcalde-** Trátase do 'Recoñecemento extrajudicial de créditos', por un importe de 10.031,76 €. Son facturas que quedaron pendentes de exercicios anteriores ou que as empresas non as meteron en tempo ou forma. Factura de perforación dun pozo vertical de 2006, varias facturas de R dos anos 2012 e 2013, e varias facturas de 'Conta local' dende o ano 2007.

**PP-** Indican que están dacordo.

**BNG-** Indica que está dacordo pero que segundo o seu criterio faltan facturas por pagar.

#### VOTACION E ACORDO:

Apróbase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

----- .....



#### **4º.- ADHESIÓN A SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO DEZA PARA UN PLAN TERRITORIAL ESPECIAL.**

Dáse traslado da Proposta que segue:

*A Asociación de Empresarios de Deza (AED), como colectivo de ámbito comarcal que aglutina a 315 asociados dos concellos de Lalín, Silleda, Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada e Dozón, ten entre os seus cometidos fundacionais o fomento e desenvolvemento do tecido empresarial na bisbarra, o favorecemento de entornos axeitados para mellorar a súa competitividade e o exercicio da súa representatividade diante das institucións públicas para defender os seus intereses conxuntos.*

*No marco da consecución destes obxectivos, a Asociación de Empresarios de Deza elaborou recentemente un informe estatístico sobre o impacto da crise nos concellos da bisbarra. Dito documento, que xa foi presentado ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), acredita con datos oficiais que nos últimos seis anos desapareceron na Comarca de Deza preto de 200 empresas (un 5% do padrón empresarial comarcal), incrementouse o desemprego nun 100% ata situarse en 2.911 parados en outubro de 2014, perdéronse un 18,8% de afiliados á Seguridade Social e a poboación en xeral descendeu en máis de 3.000 persoas, o que supón unha baixada dun 6,7%.*

*A partires destes indicadores negativos, dende a Asociación de Empresarios de Deza téñense iniciado conversas coa Xunta de Galicia -a través do Igape- orientadas á negociación da aprobación e posta en marcha dun plan especial territorial ou, no seu defecto, de medidas específicas de dinamización empresarial para a Comarca de Deza. Como queira que a unión fai a forza, é por este motivo polo que dende a AED solicitamos o apoio da Corporación Municipal que vostede preside ao seguinte acorde, coa finalidade de trasladar lo á dirección do Igape:*

*A Corporación Municipal de Silleda acorda:*

*Apoiar e adherirse á solicitude da Asociación de Empresarios de Deza de aprobación e desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia -a través do Igape- dun plan territorial especial ou, no seu defecto, de medidas específicas para favorecer a dinamización empresarial nos concellos da Comarca de Deza, coa finalidade de paliar o extraordinario impacto e os efectos negativos da crise.*

#### **DENBATE E INTERVENCIONS:**

**Alcalde-** Pasa ao cuarto punto da orde do día no que se trata o apoio solicitado pola Asociación de Empresarios do Deza para un Plan de dinamización dos concellos da Comarca para paliar os efectos negativos da crise. Procede á lectura do acordo redactado pola Asociación, e indica que se solicitará o Plan específico no caso de telo por escrito.

**PP-** Indica que están dacordo.

**BNG-** Comenta que se bota en falta un esbozo do Plan, pero que están dacordo en que exista un Plan no que se fomente esa dinamización.

#### **VOTACION E ACORDO:**

Apróbase por unanimidade dos 13 concelleiros presentes.

----- .....

**B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

#### **5º.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.**

**BNG-** Indica que hai unha quinta moción (ao que o Alcalde replica que na orde do día hai catro e logo hai unha do BNG e dúas do PSOE de urxencia). O grupo nacionalista indica que hai unha a maiores registrada o 24 de xaneiro sobre os Consellos Sanitarios de Área

O Alcalde confirma que non se incorporou á orde do día.

#### **5.1 .- Moción Do BNG sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega.**

*MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTAAO PLENO MUNICIPAL A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA*

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.*

*A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.*

*A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:*

*Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado*



*español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión*

| ANO  | ENERXÍA EXPORTADA                   |
|------|-------------------------------------|
| 2001 | 46,0%                               |
| 2002 | 37,7%                               |
| 2003 | 41,9%                               |
| 2004 | 38,0%                               |
| 2005 | 26,9%                               |
| 2006 | 32,0%                               |
| 2007 | 33,0%                               |
| 2008 | 25,5%                               |
| 2009 | 37,1%                               |
| 2010 | 37,1%                               |
| 2011 | 30,2%                               |
| 2012 | 40,0%                               |
| 2013 | O INEGA aínda non publicou os datos |

*afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.*

*No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade -aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.*

*Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstica dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.*

*A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida*

*da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.*

*Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.*

*Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito -sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.*

*O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.*

*O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.*

*No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que,*

*ademais, evite a nosa desindustrialización. Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte:*

#### **Acordo**

***Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.***



*Silleda, 18 de decembro de 2014* Asdo. Matías Rodríguez da Torre

**BNG:** Fai referencia aos datos que levan a presentar esta moción, facendo fincapé nos altos custes das facturas eléctricas e que Galicia é unha productora de enerxía eléctrica. Solicítase á Xunta de Galicia, debido aos excedentes eléctricos que se xeran, que pida ao Estado unha rebaixa nun 30 % no custe, tanto no consumo doméstico como para empresas.

**PP-** Indica a súa conformidade coa afirmación de que Galicia é unha potencia xerando enerxía eléctrica, pero que o que se debe pretender á unha tarifa eléctrica europea.

**Alcalde-** Comenta que os excedentes de enerxía que hai en Galicia non saen de balde, que isto significa ter máis gastos debido á necesidade de máis embalses, centrales... e os problemas derivados dos mesmos. Indica entón, que está dacordo en que tanto Galicia como calquera outra Comunidade que produza excedentes debería ter un beneficio, polo que están dacordo.

**BNG-** Replicando ao comentado polo grupo popular, fai indicacións sobre os oligopolios das grandes empresas e dos efectos negativos que tiñan en diversos puntos de Galicia, o que derivaba en maior custe nas facturas.

Votos a favor: 7 do BNG e PSOE e 6 abstencións do P.P.

---

## **5.2 .- Moción do BNG sobre modificación das condicións de adhesión a Sogama.**

*MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE ADHESIÓN A SOGAMA*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a "Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos".*

*A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.*

*O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor*

*agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as "novas" condicións cos concellos afectados.*

*Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada. Que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.*

*As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución recoñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.*

*Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condicións realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria "exprés" sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.*

*En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto poia súa insolvencia económica como ambiental.*

*Para o BNG, a Xunta debera estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte:*

*Acordo*

*1. Interpór recurso contencioso-administrativo contra a "Resolución da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen*

*as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.*

*2. Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.*

*3. Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.*

*Silleda, 23 de decembro de 2014 Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

BNG- Presenta a moción que é en base ás condicións de adhesión a Sogama. Fai referencia á existencia de Concellos que se atopan unha postura crítica con estas condicións. Refírese a unha Resolución do 15 de Decembro na que se establecen estas condicións de adhesión promovidos pola Xunta, na que, indica, se obriga aos Concellos a acatar estas condicións sen dereito a aportar algunha alternativa. O que solicita o BNG é que o Concello poña un Recurso Contencioso Administrativo á Consellería de Medio Ambiente contra esta Resolución.

PP- Indica a voluntariedade dos Concellos a acollerse a Sogama, e que unha vez que se produce a adhesión, débense cumprir as súas normas. Comenta que o grupo de concellos aos que se refire o BNG non chega ao 10%. Fai referencia a que o canon de Sogama neste exercicio baixou un 10 %.

PSOE- Explican que están totalmente dacordo na moción pero na votación se van a abster. Isto vén dado porque o Concello de Silleda valorará a opción de, xunto con outros concellos, interponer un Contencioso Administrativo, pero de forma individual non o vai a facer.

Votos a favor: BNG, 1.

Abstencións: PSOE, 6.

Votos en contra: PP, 6

Queda rexeitada a Moción.

---

### **5.3 .- Moción do BNG sobre dinamización de políticas sociais activas e a creación dunha bolsa bono social para as familias máis desfavorecidas.**

*MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO DA CORPORACIÓN A SEGUINTE MOCIÓN PARA A DINAMIZACIÓN DE POLÍTICAS SOCIAIS ACTIVAS E A CREACIÓN DUNHA BOLSA BONO SOCIAL PARA AS FAMILIAS MÁIS DESFAVORECIDAS*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Na situación actual, na que a fenda social se debe consolidar, cómpre máis ea nunca articular mecanismos de redistribución da riqueza aplicando criterios de progresividade nos impostos mentres que, paralelamente, se deben desenvolver diferentes sistemas de compensación como son as exencións do pagamento do imposto ou bonificacións a aquelas persoas que acrediten menor patrimonio ou ás que se vexan especialmente afectadas pola conxuntura económica actual.*

*Nestes últimos anos, especialmente desde 2010, estamos a comprobar como a crise económica provocada polo sistema capitalista e neoliberal no que estamos inseridos, fixo estragos levando ao desemprego a centos de persoas no noso concello e acabando cas posibilidades de melloría económica de moitas familias.*

*Esta situación desembocou en moitos dos casos en problemas para afrontar a hipotecas das vivendas, os presos dos alugueres, así como as distintas facturas de servizos que se proporcionan con presos elevados, cando non excesivos, léase a auga, o lixo, a tarifa eléctrica ou mesmo a asunción de impostos municipais que tamén se incrementaron, polo que para vecinos e veciñas de Silleda se fai altamente difícil poder atender de xeito pleno estes pagamentos, o que significa que en moitos dos casos deben mesmo reducir os gastos básicos para afrontar estes servizos, tamén básicos.*

*Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o Concello, como institución máis próxima aos cidadáns debe ofverecerse como garantía de políticas sociais, non baseadas simplemente na beneficencia, e si na solidariedade e políticas activas de carácter social que colaboren de xeito fundamental a sorportar estes graves problemas os cales poden mesmo chegar á exclusión social, de non atallalos de xeito rápido e capaz.*

*O Bloque de Silleda propón que o Concello abra una nova liña de política asistencial, baseada en políticas sociais acordades cos momentos de inxustiza social nos que vivimos, e desta forma se poidan implementar ás que xa existen no departamento de servizos sociais, que leven á creación dunha bolsa bono social para o pagamento absoluto ou a bonificación case total nos recibos da auga e lixo, de competencia municipal; unha mediación para abaratar os custos que as familias aturan das compañías eléctricas, chegando mesmo á asunción íntegra da facturación, cando os casos o requiran, e unha bonificación aos 90% dos recibos do IBI e de vehículos, tamén naqueles casos que a situación o demande. Todo isto sempre se debería facer afrontando os pagamentos desde unha partida creada para tal efecto, atendéndoos en todos os casos e de xeito gradual no caso das reducións, segundo cada caso e situación, mais tendendo a ten unha maior implantación desde servizos sociais para publicitar esta bolsa e detectar así todos os casos posíbeis de imposibilidade de pagamento, xa que moitas veces o non poder afrontalos facilmente leva a unha peor alimentación, ou mesmo pagalo os menores da familia no rendimento escolar ou nas propias relacións sociais.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal de Silleda a adopción do seguinte:*

#### *Acordo*

*Que o Concello de Silleda proceda a abrir unha bolsa bono social para atender gradualmente segundo as distintas problemáticas os pagamentos de tarifas e recibos tan básicos como a auga, o lixo, a luz, e teña en conta posíbeis reducións e bonificacións, que*

*poida chegar prograssivamente até o 90% ou a exención, se for o caso, nos impostos contributivos de Bens Inmóbeis e de vehículos, a fin de compensar a situación de moitas familias nunha situación social desfavorecida, mesmo miserábel, que mesmo os pode levar á exclusión social.*

*Silleda, 15 de xaneiro de 2015. Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

**BNG-** Fai lectura da moción íntegramente. 'Moción para a dinamización de políticas sociais activas e a creación dunha bolsa – bono social para as familias máis desfavorecidas'.

**PSOE-** Dá o turno de intervención ao PP.

**PP-** Mostran a súa concordancia coa moción, pero tamén falan da existencia dunha partida xa establecida para isto, indicando a posibilidade de incrementar esa partida e o incluído nela.

**PSOE-** Fai referencia á partida orzamentaria correspondente a emerxencia social e a outra partida creada para a adhesión do Concello a 'Amigos de Galicia' (3.000 euros), que atenden íntegramente a varias familias.

Incide en que todas aquelas familias que acuden a Servizos sociais e cuxos informes son favorables polos técnicos, poden acollerse á axuda municipal.

Indica que os orzamentos non son inamovibles e, de ser necesario, esa partida pode aumentarse; aínda que de momento é suficiente. Non se negou ningunha axuda que viñera aceptada por Servizos Sociais.

**BNG-** Comenta a existencia de familias que precisan axuda e non a requiren a nivel municipal e isto pode deberse a varios motivos: falta de información, inexistencia de criterios claros, necesidade de que as persoas acudan a servizos sociais...

**PP-** Indica que a información sí que a hai, que non coñece casos que non soliciten a axuda por falta de información.

**PSOE-** Comenta que sí existe a información e sinala as prestacións establecidas en servizos sociais (alimentos, roupeiro...). Non se realiza máis laboura neste ámbito por falta de demanda, e fala do sobranche na partida de emerxencia social.

**BNG-** Replica ao PSOE a sí existencia de necesidades que xustifican a necesidade de políticas sociais.

#### **VOTACION:**

Votos a favor: 1, BNG

Abstencións: 12, PSOE e PP.

-----

**5.4 .- Moción do BNG para eralizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comenar pola súa defensa do galego.**

*MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN NO PLENO MUNICIPAL A SEGUINTE MOCIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O 24 de febreiro de 2015 cumprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir un ha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares ecos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.*

*Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merce continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.*

*Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade e profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.*

*Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal de Silleda tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes*

*acordos:*

*\* Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:*

a) *Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...*

b) *Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.*

c) *Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.*

*\* Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do nasa idioma e a activación de medidas a pral do seu uso en todos os ámbitos.*

*\* Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.*

*Silleda, 20 de xaneiro de 2015 Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

BNG- Tras ter declarado en Pleno o 24 de febreiro o día de Rosalía, presentan unha serie de actividades para a súa celebración xunto coa actividade proposta pola AELG.

PP- Dacordo coa moción.

PSOE- O Concello está dacordo en facer actos para conmemorar o día e fai un resumo das actividades realizadas no ano 2014. Este ano farase todo o que sexa posible.

#### **VOTACION:**

Votos a favor: PSOE, BNG, PP. (Unanimidade)

### **5.5 .- MOCIÓN SOBRE O ACCESO AOS TRATAMENTOS DE ÚLTIMA XERACIÓN PARA AS PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C DO GRUPO SOCIALISTA.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública calculándose, en cifras e/o Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñibles producían altas taxas de fracaso terapéutico, ademais de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves, dándose ademais numerosos casos de doentes que non podían someterse a elas por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade en Galicia hai unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C que non están sendo tratados, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación veuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi a aprobación do Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC, pola axencia europea do medicamento (EMA) a principios do ano 2014. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección General de Farmacia y Productos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a daquela Ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que os médicos o puidesen prescribir a aqueles doentes que o precisen, engadindo que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Precios de los Medicamentos, e que "en outubro podrán disponer los médicos de ese medicamento en toda España, para aplicarlo a los pacientes que lo necesiten".

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados no caso de Galicia pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellería de Sanidade.

A día de hoxe succédense as declaracións públicas dos hepatólogos a través da Asociación Española para el Estudio del Hígado reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes a aplicar no territorio do estado nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, a inquietude e as queixas dos doentes de hepatite C, particularmente dos post-transplantados non negativizados e dos que se atopan en fase cirrótica (F4) van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non é contemplada dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican de para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos seus hepatólogos, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, son rexeitados ou non contestados.

Por estes motivos o Pleno do Concello de Silleda insta:

1-Ao Goberno de España a garantir que o acceso ás novas terapias para os doentes de Hepatite C que o precisan se produza de acordo co criterio dos médicos especialistas que os atenden en cada caso, dispoñendo todos os recursos que sexan precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para el Estudio del Hígado, cifrados por esta nun mínimo de 30.000 para o ano en curso, na súa recente reunión co Ministerio de Sanidad, Igualdad y Asuntos Sociales.





2-Ao goberno da Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos navas fármacos para a Hepatite e se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes aos que lles sexa prescrita polos seus médicos especialistas do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición e sen máis requisito que esa prescrición facultativa.

3-Dirixirse a ambas administración para comunicar o acordo deste pleno municipal.

En Silleda a 28 de xaneiro de 2015.

Asinado Klaus Brey Montaña (voceiro do Grupo Municipal Socialista de Silleda)

ALCALDE- Dá paso á moción do partido socialista sobre o 'Acceso aos tratamentos de última xeración para as persoas doentes de hepatite C'. Cede a palabra á concelleira de sanidade.

Pili - Procede á lectura íntegra da moción e establece as distintas solicitudes ao Goberno e á Xunta de Galicia.

Fai referencia ao artigo 43 da CE. Solicítase que exista un recoñecemento do problema existente e que se estableza o orzamento necesario para a súa solución.

PP- Refírese ao alcalde en que se poidan votar as dúas mocións ás vez incidindo no parecido de ambas as dúas.

PSOE – Refírese á gravidade da situación establecida nas mocións, e que se se parecen é porque están a falar da mesma enfermidade. Indica que non ten problema en que se voten xuntas sempre que o portavoz do BNG non o teña tampouco.

BNG- Comenta que as mocións se parecen porque existen plataformas creadas para pedir que se solvete o problema, de aí o seu parecido na información explicada na moción.

Pili- Pregunta cal é o problema en que as mocións sexan similares.

PP- Afirmar que se está a facer moita demagogia con este tema, xa que toda persoa que precisou tratamento, se lle está dando e os criterios son os establecidos no sistema nacional de saúde; a pesar disto, van a apoialo.

BNG- Comenta que o grupo popular está a facer de porta voz parlamentario e do Goberno, e se existe un problema deben de atendelo, xa que se está a falar de algo moi urxente que é un problema de saúde.

PSOE – Refírese ao grupo popular na súa afirmativa de apoialo, xa que 'non apoialo queda moi mal'. E comenta a posibilidade de asinar unha comitiva entre os tres grupos para remitilo ao Ministro de Sanidade relativa a este problema.

Pili Peón- Dirixirse ao Pleno para indicar que non só se trata de curar, senon de erradicar un contaxio.

#### VOTACION:

Votos a favor: PSOE, BNG, PP. (Unanimidade)

----- .....

## 6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Alcalde – Seguinte punto na orde do día: mocións de urxencia. Hai dúas mocións do BNG. Votamos primeiro a urxencia. Todos de acordo...

Primeiro: moción do BNG (que non é de urxencia pero non estaba na orde do día): **'Demandar a creación dos consellos de saúde das áreas sanitarias'**.

Se acorda a urxencia por unanimidade.

*MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILEDA PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA DEMANDAR A CREACIÓN DOS CONSELLOS DE SAÚDE DAS ÁREAS SANITARIAS*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O desmantelamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a follas de ruta do PP á fronte do Goberno galego.*

*A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxes de espera disparadas ... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego recorta en infraestruturas e mantén a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas - na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros- e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de Feijóo á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución hai que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Salnés e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta*

*Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe - xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.*

*A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.*

*Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos consellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.*

*Lamentablemente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.*

*A actual situación de deterioro da sanidade pública abriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.*

*Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*1. Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegos e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.*

*2. Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego.*

*Silleda, 23 de xaneiro de 2015. Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

BNG- Fala da situación da sanidade pública, e es especial en Galicia. Fai referencia ao recoñecemento na Lei dos dereitos sanitarios da cidadanía. Solicita o acordo no Pleno de demanda de creación de consellos de saúde de área para poder cumprir coa participación social da cidadanía tal e como recolle a Lei, e así trasmitilo á Xunta.

PP- Indica que os consellos xa están constituídos e critica o comentario do BNG conforme a cidadanía está asoballada e denigrada, que visto isto non poden consentir esta moción.

PSOE- Cede a palabra á concelleira de sanidade.

Pili – Establece a súa conformidade coa moción.

PSOE- Fai referencia ao acordo da Xunta coa FEGAMP polo cal a Xunta se facía cargo íntegramente dos centros médicos. Indica que este ano 2015 os centros médicos deste municipio pasarían a competencias da Xunta, e aínda non se fixo tal traspaso, polo que se interporá un recurso contencioso administrativo contra a Consellaría de Sanidade.

BNG- Volve a incidir na situación 'denigrante' que está a sufrir a cidadanía, en resposta ao indicado polo PP.

#### **VOTACION:**

Votos a favor: 7 do PSOE e BNG

Abstencións:

En contra: 6 do PP.

---

#### **Presenta a seguinte moción do BNG en relación ás persoas que reciben pensións de estados estranxeiros.**

*MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E ACORDO EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIONES DE ESTADOS ESTRANXEIROS*

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Máis unha vez querémonos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padece u, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.*

*Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados esranxeros. Tras este colectivo recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.*

*Foi a presión que realizou con intensidade a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados/as a que conseguiu que se saiba quen son os verdadeiros defraudadores e que se coñeza que houbo un trato inxusto e discriminatorio cos/coas pensionistas retornados/as. Tamén esa contestación social motivou a introdución na reforma fiscal para 2015 dun "proceso de regularización" dirixido a este colectivo que, con todo, é unha solución parcial que non asegura un tratamento fiscal equitativo e non discriminatorio respecto doutras persoas que só perciben pensións de organismos do Estado español. Por iso non se pode consentir que se Ue dea unha solución simplemente cosmética ás xustas demandas deste colectivo coa Axencia Tributaria por atopármolos nun ano de importantes envites electorais. Son imprescindibles medidas reais para que a tributación das pensións de emigrantes retornados/as sexa xusta e igualitaria, que os impostos que soportan non teñan un tratamento legal diferente polo simple feito de ter desenvolvido unha parte da súa vida laboral no estranxeiro.*

*Por iso o grupo municipal do BNG do Concello de Silleda, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:*

*ACORDO*

*1. Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:*

*a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.*

*b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.*

*c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravame no país de orixe para evitar a dupla imposición.*

*d) Revisión dos convenio marco con outros países para evitar que situación deste tipo poidan volverse a producir.*

*2. Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria, avalando as mobilizacións do citado colectivo e procedendo a abrir no Concello un punto de información e xestión da súa problemática na Oficina Municipal do Consumidor, co fin de que @s prexudicad@s poidan ser atendid@s nun lugar público, promovido pola administración local e sen ningún tipo de intereses políticos partidarios.*

*Silleda, 30 de xaneiro de 2015.*

*Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

**BNG-** Refírese ao acadado en materia dos cobros que se pretendían facer aos xubilados que reciben pensións de estados estranxeiros. Insta ao Pleno a solicitar ao Estado unha serie de accións que procede a ler íntegramente. Tamén solicita que dende o Concello de Silleda se apoie aos veciños e veciñas beneficiarios destas pensións.

**PP-** Están dacordo totalmente coa moción, e solicitan que se cumpla o punto indicado polo BNG no que se solicita a creación dun punto de información para os veciños e veciñas. Comenta que a información debe ser feita no Concello, non na sede dun partido político.

**PSOE-** Refírese ao último punto indicando o apoio que o grupo socialista fixo aos veciños e veciñas de Silleda respecto deste tema, facendo referencia a reunións e que se puxo a disposición deles toda a axuda que o Concello podía brindarlles. Defende que non é criticable a laboura feita pola Senadora no aspecto de que axudou aos veciños do Deza, ofrecéndolle a realización dos papeis necesarios de forma gratuíta. Tampouco que se faga un traballo de información e axuda dende unha Asociación. Indica que a nivel municipal os veciños e veciñas teñen as instalacións do Concello á súa disposición para axudarlles no necesario de forma gratuíta.

**PP –** Indica que na reunión na casa da cultura estiveron todos os grupos políticos.

BNG- Pide que se aprobe a moción, xa que todos somos o Concello.

PSOE- Solicita que non se critique o feito neste ámbito dende unha asociación.

Votación. Votos a favor: PSOE, BNG, PP. (Unanimidade)

----- .....

#### **7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE NOVEMBRO, E DECEMBRO DE 2014.**

Dáse conta.

----- .....

#### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Da conta o Alcalde dun escrito da RAG sobre a petición realizada dende o Pleno de Silleda sobre a solicitude de adicar as Letras Galegas de 2015 a Ramón de Valenzuela Otero. Pasa á súa lectura íntegra, na que se establece que as Letras Galegas do presente ano estarán adicadas a Xosé Valverde Filgueira. Propón que se retome a solicitude para o seguinte Pleno.

BNG- Indica que cando se solicitou xa estaba decidido adicallo a Valverde Filgueira.

PSOE- Comenta que foi unha decisión de todos os grupos.

BNG- Incidiae que o que se debe entender é que se lle adiquen as Letras Galegas tan pronto se poida.

PSOE- Indica que se corraxirá a petición respecto a iso.

PP- Refírese a que dentro de 'Rogos' se teña en conta a súa petición de que na partida para a escola de música se conten con 100.000 euros en vez de con 60.000. Fai referencia aos pasos elevados debido á existencia de queixas veciñais, así mesmo da iluminación. Solicita información sobre unha multa de tráfico de 900 euros dun coche municipal. Informa de queixas de sinalización nas parroquias. Fai referencia a unha nova sobre unha multa realizada polo goberno ante a fiscalía hacia a anterior alcaldesa por prevaricación por pago a un familiar, e pregunta sobre pagos realizados actualmente a empresas relacionadas familiarmente co Alcalde, e mesmo de empresas vinculadas co grupo socialista. Pregunta sobre unha factura de Construcións Míguez de 2.500 euros, outra de Fernández Sarmiento de 2.400 euros e outra de Enrique Oleiro de 5.700 euros.



**BNG-** Solicita que non exista discriminación no apagado e encendido da luz, pregunta cal é o criterio que se segue. Tamén solicitan que se conteste ás persoas que se dirixen ao Concello demandando ou pedindo algo. Preguntan por qué algunhas vivendas paralizadas se seguiron construíndo e noutras se lle seguiron dando problemas, indicando unha discriminación neste ámbito. Piden información sobre cando se van a producir as respostas ás alegacións do PXOM. Preguntan cando o Alcalde cobrará o IBI que lle corresponde á Igrexia, e fai referencia á moción aprobada no Pleno sobre isto.

**PSOE-** Responde ao Partido Popular indicando que en canto á escola de música se orzamentou en 60.000 euros porque era o que está avaliado e o que permite a partida nestes momentos. Os pasos elevados instouse á empresa a que os revise. En canto ao funcionamento da luz refírese ao aforro enerxético e indica que el non é o responsable do encendido e apagado da iluminación. A multa de tráfico é dun coche en Chapa e como non se foi capaz de identificar o conductor, de aí os 900 euros de multa. En canto á mala sinalización nas parroquias informa que se realizaron visitas cos veciños e se atenderon todas as deficiencias que indicaron. Relativo ao indicado na prensa sobre a multa á anterior alcaldesa fai referencia a que o goberno non informou nada á prensa e aínda non foi citado a nada, pero que entende que a multa non foi por pagarlle a un familiar senon por devolver uns avales incorrectamente. En canto ás facturas, indica que a de Míguez Xestoso é unha modificación establecida co arquitecto que fixo o planteamento das pistas de padel, non prevista nun principio; de Fernández Sarmiento é un paso elevado que solicitaban os veciños de Outeiro e que non estaba previsto no proxecto e a de Enrique Oleiro é polo traslado e instalación, montaxe da cancha de golf. Con respecto ás preguntas do BNG establece que a resposta para a luz é a mesma que indicou ao comezo. En canto ás respostas aos cidadáns indica que se procura responder a todos. O das vivendas paralizadas solicita máis explicación ao responsable do BNG, negándose ao que dí insinuar a pregunta. As respostas do PXOM están insistindo en que se responden canto antes. O IBI da Igrexa se cobrará en canto sexa posible.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 21-30 horas, do que, eu, o Secretario, dou fe.

Silleda a 2 de Febreiro de 2015.

SECRETARIO  
  
Manuel Quintans Queiruga

